

CONCURSO DE IDEAS “XOGANDO COA CDU”

A CIDADE DOS LIBROS

Aprendendo a CDU coa axuda dos escornabots



**EQUIPO DE BIBLIOTECA
C.P.I. de SAN SADURNIÑO
Curso 2018-2019**



CONCURSO DE IDEAS “XOGANDO COA CDU”

O Equipo de Biblioteca do CPI de San Sadurniño presenta a seguinte actividade para traballar a CDU co alumnado de infantil e primaria, tomando como base a versión ilustrada da adaptación da Clasificación Decimal Universal para bibliotecas escolares enviada aos centros neste curso escolar.

Xustificación do proxecto.

Este curso solicitamos a participación do programa de *Biblioteca creativa*, sendo o noso colexio un dos centros seleccionados, recibindo catro escornabots para formar parte do equipamento da biblioteca.

Por outra banda, temos implantada como asignatura de libre configuración en sexto de primaria a materia de “Arte e Biblioteca”, na que se contemplan varios estándares de aprendizaxe que podemos relacionar co emprego dos escornabots.

Así, no bloque 1 da programación desta área, “A Biblioteca Escolar, lugar de procura da información”, entre os estándares de aprendizaxe temos contemplados:

- Recoñece a información que aporta o tejuelo ou etiqueta.
- Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos e os relaciona cos temas e propostas de traballo requiridas.

No bloque 3, “A produción de composicións plásticas e musicais”, asignamos entre outros os estándares:

- Realiza producións visuais utilizando medios tecnolóxicos.
- Realiza a secuenciación dunha historia, un conto e unha canción, empregando imaxes e textos explicativos.

No bloque 4, “Aplicación das Tics” temos como estándares:

- Utiliza as TIC para realizar presentacións.
- Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

E no bloque 5, “Creación e comunicación de documentos audiovisuais”,

- Utiliza recursos gráficos e para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.
- Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística.

Durante o primeiro trimestre o alumnado deseñou materiais para traballar cos escornabots: adaptacións de contos de medo para a semana do Samaín (*Adiviñas de medo* dirixindo o robot á casa coa solución da adiviña, e *O buho Renato na casa do terror* na que despois da lectura dunha pregunta que lles vai plantexando a historia deben dirixir o robot á resposta correcta para poder continuar o relato); elaboración dun taboleiro con preguntas sobre o mundo do peón para empregar o Día do Peón e lecturas adaptadas de contos empregando os robots.

Deseño da actividade

Consiste na elaboración dun taboleiro para traballar a CDU en Educación Infantil e Educación Primaria a través da proposta feita polo alumnado de construír **A CIDADE DOS LIBROS**.

Esta actividade consiste na adaptación do cartel ilustrado a un taboleiro polo que se moverá un escornabot que terá que dirixirse ao autobús correspondente. O alumnado participante terá que coller unha tarxeta coa imaxe dun libro e programará o escornabot para que poida levar o libro ao seu autobús.

O proceso seguido foi:

1º. Escaneamos os autobuses do cartel da CDU, recortámoslos e plastificámoslos para situálos no taboleiro da nosa cidade.

Cun programa de edición de imaxes fixemos a parte posterior de cada autobús para ter un deseño máis atractivo.

Logo engadímoslles un soporte para suxeitalos e poder distribuílos polo espazo.



Autobuses escaneados e plastificados



Engadímoslles un soporte.

2º. Construímos outros elementos para completar a cidade:



As árbores dos libros.



O noso cartel anunciador na montaña.

3º Buscamos portadas de libros, que imprimimos a tamaño reducido para construír as tarxetas que logo vai transportar o escornabot. Procuramos que haxa libros que se correspondan con todas as categorías da CDU.






Buscamos portadas de libros.



Recortamos e plastificamos,

4º. Montamos o taboleiro que representa unha estrada na que situamos os autobuses e os outros elementos construídos.



Desenvolvemento da actividade

O alumnado escollerá unha das tarxetas coas portadas dos libros e tendo en conta o título, a imaxe ou a temática, deberá de pensar en que autobús se tería que “subir”.

Dende a casiña de saída do taboleiro deberá indicarlle ao escornabot as instrucións necesarias para que se achegue ao autobús correspondente.



Avaliación do proxecto

Durante o desenvolvemento da actividade valoraremos:

- Implicación do profesorado na actividade.
- Participación do alumnado na actividade.
- Asociación da temática dos libros co número da CDU.
- Programación do escornabot.
- Aplicación ao funcionamento diario da biblioteca.

Valoración da actividade

O desenvolvemento en infantil simplificouse empregando só dous autobuses, os números 5, Matemáticas e Ciencias Naturais e o número 8, Lingua e Literatura, empregando só libros de narrativa ou de animais e plantas.

Pareceunos unha actividade moi interesante, xa que o alumnado é capaz de chegar dun xeito lúdico a comprender a necesidade de organizar os fondos da biblioteca e a localizar os libros na sección correspondente.

San Sadurniño, 21 de novembro de 2018